



OFELIA CARDO

**ESQUECER
ATA
ESVAECER**

10 xuño_10 xullo_2019

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL

Museo Provincial de Lugo
Museo Fortaleza de San Paio de Narla
Museo Provincial do Mar
Museo Pazo de Tor



As mans apesadas e a voz afogada.
2019

Esquecer ata esvaecer é un proxecto artístico que se presenta na Rede Museística de Lugo. É a continuación de “Faltarme el suelo”, un proxecto que pretende poñer en contacto, a través das obras expostas, os traumas familiares non elaborados e xerados pola Guerra Civil Española.

A obra que se mostra no Museo do Mar de San Cibrao é unha peza que quere ter en consideración o lugar onde se expón. O edificio foi a escola unitaria e ten aínda como memoria dese pasado un antigo pupitre na súa entrada, así como dúas fotografías que nos amosan como era a educación que se impartiu durante moitos anos nas escolas da época. A propia construción mostra a segregación que se producía na educación, os nenos e as nenas tiñan entradas, clases e patios separados.

As mans apesadas e a voz afogada quere facer un pequeno recordatorio da depuración que se produciu tras a guerra no maxisterio español, e o posterior uso da educación como a grande aleccionadora dos valores do franquismo. Os/as mestres/as foron represaliados e no mellor dos casos foron restituídos no exercicio tras pasar por comisións depuradoras e adoptar os novos valores do nacional-catolicismo.

A peza, dunha maneira abstraída, representa un corpo construído con feltro, cuxos extremos están inseridos en formigón. En contexto coas demais obras presentadas na Rede Museística, esta obra interprétase como uns apéndices, isto é, unhas mans pesadas que impiden o movemento. Ter as mans apesadas e a voz afogada significa, en definitiva, estar coas mans atadas e ter o pensamento anulado.

BIOGRAFÍA

www.ofeliacardo.com

Estudios de Belas Artes nas universidades de Valencia e Pontevedra. Profesora na EASD, Escola de Arte Superior e Deseño, Antonio Faílde Ourense. Beca 12miradas::Riverside, Taller con Joan Fontcuberta. Biennial de Mislata Miquel Navarro 2018, Premis d'Art Públic. Mislata, Valencia.

Realizou diferentes exposicións individuais como: Faltarme suelo, Librería Contrabandos, Madrid, 2018. Lastrar los ojos, Fundación Antonio Pérez, Cuenca, 2017. Soplo roto, Take Away Contemporary Art, Peñíscola, Castellón, 2015. A un lado e a outro, Museo Municipal de Ourense, 2013. Cuerpo domado, Centro Cultural Diputación de Ourense, 2009. Mostra jovens creadors de L'horta, Quart de Poblet, Valencia, 2001, El árbol caído, Centro cultural de Mislata, Valencia 2000, Vegetando, Librería Eixo. Ourense, 2000.

Entre as exposicións colectivas destaca:

Aautorretrato, Centro Cultural Marcos Valcarcel, 2018, Fondos. Museo de Fotografía. Huete, 2017. XV Bienal Internacional de Arte, Vila Nova de Cerveira, Portugal, 2009, Cociñarte Casa da Xuventude, Ourense, 2009. Zona de Exclusión, Vila Nova de Cerveira y Oporto, Portugal, 2004, 3rd International Student Triennial, Estambul 2003. Prefijo 96, Galería Edgar Neville, Alfafar, Valencia 1994.